



# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
correo@cee.gal  
www.cee.gal

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

OBRA: REFORZO DO FIRME EN VIAIS DO PARQUE EMPRESARIAL DE CEE

EXPEDIENTE: 2024/C003/000002

PLAN: Mellora de Infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia (IN519B)

EXPEDIENTE: IN519B 2024/72-0

### **1. Necesidade da contratación:**

Vista a Resolución sobre a concesión dunha subvención ao abeiro da ORDE DO 4 DE XANEIRO DE 2024 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS AXUDAS ENCAMINADAS Á HABILITACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DOS PARQUES EMPRESARIAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO IN519B), cos seguintes datos:

CONVOCATORIA 2024.

Nº de Expediente: IN519B-2024/33-0

Título: Reforzo do firme en viais do Parque empresarial de Cee

Promotor: Concello de Cee,

é necesario que esta Administración proceda á contratación da referida obra.

### **2. Obxecto do contrato:**

Trátase da realización do proxecto da obra REFORZO DO FIRME EN VIAIS DO PARQUE EMPRESARIAL DE CEE, incluída no Plan Mellora de Infraestruturas da Comunidade Autónoma de Galicia (Código de procedemento IN519B).

Expediente: IN519B-2024/72-0

Constan no expediente:

- Resolución de concesión da subvención.

As obras que contempla esta subvención son as seguintes:

- Mellora da capa de rodaxe en dúas zonas dos viais (2.135+1.190 m<sup>2</sup>) do Parque Empresarial de Cee mediante o fresado de 4 cm da capa de rodaxe existente e reposición con 5 cm de aglomerado en quente. Este treitos presentan baches e deformacións importantes que supoñen un perigo para os usuarios. A lonxitude aproximada da suma dos dous treitos de actuación é de 385 m. A anchura media dos varios é de 7 m. e 8 m. na zona das glorietas.
- A actuación finalizarase coa adaptación das arquetas necesarias e a reposición da sinalización horizontal na zona de renovación do pavimento.



# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
correo@cee.gal  
www.cee.gal

### 3. Xustificación da necesidade da contratación.

Xustifícase a necesidade de contratación conforme á Lei de Contratos do Sector Público (LCSP) pola obrigatoriedade que establece a Lei 7/85 de, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, que no artigo 25,2) di: "O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...) d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade. O proxecto que se pretende levar a cabo é idóneo para a realización da REFORZO DO FIRME EN VIAIS DO PARQUE EMPRESARIAL DE CEE.

### 4. Valor estimado do contrato:

O importe do proxecto ascende á cantidade de 43.081,12 € máis 9.047.04 euros de IVE, que fan un total de: 52.128,16 euros, estando os custos xustificadas no proxecto.

A Consellería de Economía e Industria financia o mesmo por un importe de 41.702,53 € na anualidade 2024.

### 5. Xustificación da non división en lotes.

Non procede a licitación por lotes da obra mencionada pois pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividida por lotes que sexan obra completa.

### 6. Procedemento de contratación:

Propónse utilizar o procedemento aberto simplificadoísimo con criterios de apreciación automática ou mediante fórmulas

### 7. Requisitos de solvencia:

Non se esixe, pero a clasificación esixida para considerar acreditada a solvencia, segundo o indicado polo autor do proxecto, é a de:

Grupo: G; Subgrupo 6 , categoría 1

### 8. Responsable do contrato:

É o persoal da Oficina Técnica baixo a supervisión da Alcaldesa e concelleiro de Obras e urbanismo.

### 9. Encargado do seguimento e execución:

O director de obra, que oportunamente será nomeado, baixo a supervisión do persoal da oficina técnica e a sra. Alcaldesa e concelleiro de obras e urbanismo.

Cee, na data da sinatura dixital.

Asdo. Margarita Lamela Louzán. Alcaldesa